

Resolución pola que se amplía o prazo de realización do segundo exercicio das probas selectivas convocadas por resolución reitoral do 04 de novembro de 2022 para cubrir dúas prazas da categoría profesional de condutor/a, grupo III, unha pola quenda de promoción interna e outra pola quenda de acceso libre, vacantes no cadro de persoal laboral.

O primeiro exercicio da fase de oposición correspondente ao proceso selectivo que se cita foi realizado o día 06 de xullo de 2023.

Á vista da proposta do tribunal cualificador, o reitor tendo en consideración as circunstancias de carácter organizativo que concorren e de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, resolve:

Ampliar o prazo máximo establecido no artigo 16 do Real decreto 364/1995 para estes supostos, sempre que non exceda da metade do mesmo, para a realización do segundo exercicio do proceso selectivo para acceso á categoría profesional de condutor/a do grupo III.

Contra esta resolución de ampliación de prazo non cabe ningún recurso, de acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

O reitor
Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).
--

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
11/07/2023 12:59:14.

CSV: 28F6-6CEC-42C6-8D54